

CENTRO CULTURAL
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN
BEGONTE (Lugo)



**XIII certame
galego de arte
"José Domínguez Guizán"**

Patrocina:



O Centro Cultural de Begonte, co patrocinio da Excm. Deputación Provincial de Lugo, convoca o

XIII CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"

de acordo coas seguintes BASES:

1. O premio JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de arte está dotado con 1.500 euros e estatuíña de Sargadelos.
2. Adxudicarase á obra pictórica (considerada no senso máis amplo) que resulte seleccionada polo Xurado calificador, que estará formado por especialistas na materia xunto con representantes do centro convocante e da entidade patrocinadora.
3. Poderán optar a este premio obras de pintores galegos, de tema libre, e con tamaño máximo de 1,5 m. por 1 m., con ou sen marco.
4. Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor, expresados no boletín adxunto.
5. As obras, debidamente protexidas para evitar calquera deterioro, serán remitidas –libres de gastos– ó Centro Cultural de Begonte. Seranlles devoltas libres de gastos ó enderezo que indiquen.
6. O prazo de presentación remata ás 12 horas do 25 de decembro de 2002. O Xurado seleccionará de entre as obras presentadas aquelas que deban ser expostas e –entrelas– a gañadora do Certame.
7. A obra premiada quedará en propiedade da entidade convocante. As non seleccionadas serán devoltas ós concursantes de inmediato. As seleccionadas non premiadas serán devoltas ó remate do Certame.

NOTAS:

- Enténdese por autores galegos os nados en Galicia ou residentes habituais.
- Poderase organizar unha exposición na capital lucense coas obras seleccionadas, co fin de apoia-la difusión deste Certame.

INSCRICIÓN

XIII CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"

Autor:

Enderezo:

.....
Teléfono:

OBRA 1

Medidas:

Título:

OBRA 2

Medidas:

Título: